

## PAUTAS PARA UN COMENTARIO DUNHA PAISAXE NATURAL.

### 1) Análise dos elementos naturais:

- **Relevo:** Formas de relevo (montaña, chaira, costa, ...). Formas do modelado (granítico, calcáreo, arxiloso, produto da erosión ...).
- **Vexetación:** Tipos (bosque, matogueira, prado ...), especies, extensión, distribución,...
- **Chans:** Tipos, calidade.
- **Augas:** Tipo (mar, ríos, arroios, acuíferos...), localización, réxime e caudal dos ríos.
- **Clima:** Deducilo dos apartados anteriores.

2) Localización xeográfica da paisaxe: En base aos elementos naturais analizados, localizar aproximadamente a paisaxe presentada.

3) **Interrelacións entre o medio natural e a actividade humana:** Analizar as influencias entre o medio (relevo, vexetación, chans, augas, clima) e o ser humano (posible aproveitamento de recursos). No caso de que a paisaxe sexa estritamente natural, avaliar o posible impacto das actividades humanas no medio e as medidas e políticas de protección e conservación medioambiental.

### EXEMPLO



A fotografía mostra unha **paisaxe natural** que se pode definir como o resultado da combinación no espazo dos diferentes elementos que integran o medio natural: relevo, vexetación, chan, as augas e o clima e as súas interrelacións coa actividade humana.

A paisaxe que observamos é unha **extensa chaira**, estrutura típica de conca sedimentaria, con predominio de materiais brandos, arxilosos, estratos sedimentarios dispostos de forma horizontal nos que a **erosión** fluvial determinou un **modelado suave** de páramos, pequenos outeiros ou relevos de carácter residual, de amplos vales e chairas. Terreo que non foi afectado por pregamentos posteriores (formáronse a finais do Terciario e no Cuaternario) . A súa **erosión** é **rápida**, debido á brandura dos **materiais** (arxilas, margas, xesos, calcarias). Os **ríos** abren vales que separan estruturas horizontais que pronto se desgastan pola erosión dando lugar a **relevos suavemente ondulados**.

Este tipo de relevo pode atoparse nas **concas sedimentarias** e nas **depresións do Ebro e do Guadalquivir**.

En canto aos **recursos**, os **chans arxilosos** son os máis **fértis** de España e empréganse para todo tipo de **cultivos** (dependendo das características climáticas da zona) son predominantes na área climática mediterránea continentalizada (a medida que diminúen as precipitacións – mediterráneo litoral e estepario-) a aridez determina chans mais duros e menos apropiados para o cultivo.

O **clima mediterráneo continentalizado** presenta escasas precipitacións ( – 800 mm anuais) con seca no verán e con amplitudes térmicas importantes. A **vexetación** predominante será o bosque de folla perenne, aciñeira, sobreira (moi degradados) e matogueiras mais ou menos densas e descontinuas (maquia e garriga). Tamén se pode observar a vexetación propia da ribeira.

Os elementos naturais desta paisaxe presentan importantes recursos, facilidades para a súa explotación, polo tanto as **interrelacións entre o medio natural e a actividade humana** é importante como o mostra o feito da **desaparición case completa da vexetación natural** debido ás roturacións destinadas a crear terras de cultivo.

As características do relevo facilitará doutra banda as **comunicacións** e o desenvolvemento de **pobos**, o **hábitat concentrado** propio da España rural do **centro e sur peninsular**, precisamente polo seu carácter rural irá perdendo poboación, a diminución destas actividades (diminución do traballo agrícola e gandeiro, abandono de terras) poden producir nun futuro cambios significativos nesta paisaxe.